



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións para o mantemento da contratación en pequenas, medianas empresas microempresas e persoas autónomas no ano 2026 (PEL-PEMES/MANT/2026)

ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas., cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA O MANTEMENTO DA CONTRATACIÓN EN PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS MICROEMPRESAS E PERSOAS AUTÓNOMAS NO ANO 2026 (PEL-PEMES/MANT/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Anualidade	2026
Denominación	Liña 3.2. PEL-Pemes Mantemento: Programa de subvencións para o mantemento da contratación no ano 2026
Beneficiarios	Pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas beneficiarios/as da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025, que realizaron a contratación de maneira indefinida inicialmente ou a transformaron a indefinida con carácter previo á presentación da solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2026
Programa	PEL-PEMES/MANT/2026
Aplicación orzamentaria	0520/24100/479
Importe da convocatoria	1.200.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo: 2.000 € Máximo: 22.000 € (colectivo vulnerable) 20.000 € (colectivo non vulnerable)
Importe da subvención que se vai conceder	Mantemento dun contrato indefinido no que a persoa contratada pertenza a algún dos colectivos vulnerables (persoas inscritas como desempregadas de longa duración nos Servizos Públicos de Emprego, muller, menor de 30 anos, maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional): Mínimo: 1.000 € Máximo: 11.000 € Mantemento dun contrato indefinido: Mínimo: 1.000 € Máximo: 10.000 €
Importe solicitado	Ata o 50 % do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Como máximo do 0.50
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Exposición de motivos

O contido das presentes bases está enmarcado no establecido no artigo 40 da Constitución Española e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea conforme á Estratexia Europea de Emprego e ao Plan de Acción do Piar Europeo de Dereitos Sociais, que marcan como directrices impulsar a demanda de man de obra e apoiar o investimento que redunde na creación de empregos de calidade, aproveitando tamén o potencial relacionado coa transición ecolóxica e dixital I, e na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible que promove o crecemento económico inclusivo e sostible, o emprego e o traballo decente para todas as persoas a través dos seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Na súa elaboración tivéronse en conta os datos do Observatorio de Seguimento de indicadores de emprego da Estratexia Europa 2020/2030 de marzo de 2024, publicados pola Secretaría de Estado de Trabajo

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio, dirixindo estas axudas aos núcleos poblacionais de menor entidade perseguindo adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e o sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local, especialmente no ámbito rural.

Estas axudas enmárcanse na liña 3. PEL-Pemes, do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para a contratación laboral nas empresas. Con elas a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na provincia da Coruña, fomentando o desenvolvemento equilibrado do territorio provincial e favorecendo a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores dentro do marco da Estratexia anual de Crecemento sostible da Unión Europea.

Con esta liña de subvencións trátase de fomentar a creación de emprego estable e de calidade ao apoiar ás pequenas empresas e persoas autónomas que teñen sido beneficiarias previamente da axuda por crear un posto de traballo (mediante a liña PEL-Pemes Creación) e se deciden a manter o posto indefinido durante o segundo ano do contrato da persoa traballadora.

Coa finalidade de reforzar o apoio ás empresas da provincia nos sectores estratéxicos emerxentes, se priorizan nestas axudas PEL aquelas iniciativas empresariais con actividades económicas enmarcadas en determinados sectores correspondentes a estratexias estatais e europeas. Estes sectores están contemplados na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), que define as prioridades e obxectivos aos que se enfoca o investimento de I+D+i en Galicia no período 2021-2027.

Tamén se tivo en conta á hora de determinar os sectores prioritarios aqueles encadrados nos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, en concreto os referidos ao reto demográfico e a economía dos coidados, fomento dunha economía fundada no uso de enerxías que procuren un menor impacto ambiental, fomento da economía circular e da eficiencia no ciclo da auga, favorecer o turismo sustentable, aumentar a rendibilidade e competitividade da industria agroalimentaria e consolidar unha cultura de crecemento a partir da innovación e a I+D.

Ademais dos sectores recollidos nesta Axenda, existen outros sectores que son un eixo fundamental na economía galega, como son os sectores do Comercio e Turismo. Dado o seu elevado peso na estrutura produtiva e no emprego, a economía galega é moi sensible á evolución do turismo e do comercio polo que a Deputación da Coruña trata tamén de favorecer a estos sectores nas súas axudas.

Priorízanse nestas axudas a aquelas empresas situadas en municipios da provincia que teñen asinados convenios para a Transición Xusta, que garantan a persoas traballadoras e territorios afectados pola transición cara a unha economía máis ecolóxica, baixa en carbono, un tratamento equitativo e solidario, minimizando os impactos negativos sobre o emprego e o despoboamento destes territorios.

A administración do Estado, a través do Instituto para a Transición Xusta (ITX) apoia proxectos e novas liñas de axudas para impulsar o desenvolvemento económico nas zonas de As Pontes e Meirama. Neste caso a Deputación trata de favorecer tamén o desenvolvemento económico destas zonas outorgando unha maior valoración a empresas de municipios de Transición Xusta.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

- Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- Os convenios colectivos aplicables a cada sector.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 4: "Fomentar o emprego e a integración social", e aos seus obxectivos operativos 0.10 (fomentar o desenvolvemento de sectores estratéxicos, a competitividade e a xeración de emprego na provincia), 0.11 (favorecer o mantemento e a recuperación demográfica do medio rural), 0.15 (apoiar ao tecido empresarial provincial), 0.18 (Facilitar a inserción sociolaboral dos colectivos con maior taxa de desemprego) e 0.20 (Fomentar o emprego verde e o autoemprego), mediante o apoio á contratación para o mantemento do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto e finalidade

O **obxecto** desta liña é regular as subvencións para o mantemento do posto de traballo indefinido creado ao abeiro da axuda PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025.

A **finalidade** das subvencións é apoiar ao tecido empresarial provincial para o mantemento do posto de traballo laboral indefinido creado con cargo ás axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas (PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025).

2.2 Ámbito temporal

O período máximo subvencionable será de 12 meses (de xaneiro a decembro de 2026), polo que se subvencionarán exclusivamente os gastos salariais e de seguridade social correspondente aos meses do mantemento da contratación incluídos dentro da anualidade 2026.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar estas axudas pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, **beneficiarias da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025, que realizaron a contratación obxecto desa axuda de maneira indefinida inicialmente ou foi transformada a indefinida con carácter previo á presentación da solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2026, e que con anterioridade á data de publicación desta convocatoria, manteñen os mesmos requisitos establecidos na convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025.**

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables os custos salariais e de seguridade social do **mantemento no ano 2026 do posto de traballo subvencionado a través da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025**, que teña sido creado inicialmente como indefinido ou transformado a indefinido con carácter previo á presentación da solicitude de PEL-Pemes Mantemento 2026.

Os conceptos de gasto subvencionables nesta liña de subvencións son os seguintes:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Os gastos subvencionables comprenden os **soldos e salarios**, as cotas á **seguridade social**, así como **outros gastos sociais** relativos á incapacidade temporal (IT) da persoa traballadora ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollimento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio correspondente do coidado do menor ou da menor lactante, a cargo do empresario.

4.2 Contía

A **contía máxima** da subvención a conceder será o 50% dos custos estimados de contratación cos límites de **11.000 € (colectivo vulnerable) e 10.000 € (colectivo non vulnerable)** para o mantemento das contratacións durante os 12 meses do ano 2026, a xornada completa, **ou a parte proporcional** correspondente naquelas contratacións realizadas a tempo parcial iguais ou superiores do 50% da xornada ordinaria.

Importe do orzamento de gastos	Mínimo: 2.000 € Máximo: 22.000 € (colectivo vulnerable) 20.000 € (colectivo non vulnerable)
Importe da subvención a conceder	Mantemento dun contrato indefinido a xornada completa no que a persoa contratada pertenza a algún dos colectivos vulnerables (persoas inscritas como desempregadas de longa duración nos Servizos Públicos de Emprego, muller, menor de 30 anos, maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional): Mínimo: 1.000 € Máximo: 11.000 €
	Mantemento dun contrato indefinido a xornada completa: Mínimo: 1.000 € Máximo: 10.000 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 50 % do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Como máximo do 0.50

O importe a solicitar será como máximo o correspondente á duración do contrato e o tipo de xornada da persoa a contratar segundo o seguinte:

Colectivo vulnerable = [Número meses de contrato x 916,66 € x C.T.P.]

Colectivo non vulnerable = [Número meses de contrato x 833,33 € x C.T.P.]

O C.T.P. % - identifica o coeficiente de parcialidade sobre a xornada habitual

4.3 Supostos excepcionais

4.3.1 Suposto de extinción da relación laboral.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, os/as beneficiarios/as poderán proceder a realizar **ata un máximo dunha nova contratación dentro da anualidade 2026** no caso de que se trate dunha baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/coidado de fillos, baixa por coidado de familiares, baixa por despido colectivo, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxectivas da empresa, baixa por despido por causas obxectivas do/a traballador/a.

Os/as beneficiarios/as incursos nos supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación deberán achegar na xustificación da subvención a documentación relativa á baixa do anterior traballador/a tal e como se recolle no Anexo II. Documentación da xustificación.

A/as nova/s contratación/s deberán cumprir os mesmos requisitos que a persoa contratada inicialmente.

En canto ao prazo para contratar á persoa traballadora substituta, ésta poderá comezar durante o período máximo de 1 mes antes da extinción da relación laboral anterior.

4.3.2 Supostos de incapacidade temporal da persoa traballadora ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio responsable do coidado do menor ou da menor lactante.

No caso de que a persoa traballadora incorra en incapacidade temporal por enfermidade ou accidente ou esté en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio responsable do coidado do menor ou da menor lactante a persoa beneficiaria poderá contratar outro/a traballador/a para substituír temporalmente ao/á traballador/a incurso/a neses supostos e sempre que a substitución se realice na anualidade 2026.

Os gastos de ambas persoas traballadoras (os da persoa traballadora substituta e os gastos da persoa traballadora incurso nestos supostos) poderán ser imputados na xustificación de gastos que presente a persoa ou entidade beneficiaria.

Para poder acreditar estos supostos, o/a beneficiario/a deberá achegar a documentación recollida no Anexo II. Documentación da xustificación.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidade con outras axudas

Compatibilidade con outras axudas PEL: As axudas PEL son compatibles entre si.

Compatibilidade con outras axudas da Deputación: As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto no mesmo ano.

Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas: As axudas PEL-Pemes Mantemento serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos.

Estas axudas, acollidas ao réxime de minimis, deberán cumprir as condicións e límites aplicables á actividade económica destino da axuda.

5.2 Exclusiones

- As mesmas exclusións reguladas nas bases reguladoras da axuda PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025.
- No caso de solicitantes cunha actividade económica da agrupación 86 (Aluguer de bens inmoables) recollida no Certificado de situación censual, só poderá considerarse válida cando para o desenvolvemento desta actividade se dispoña, alomenos, dunha persoa empregada con contrato laboral a xornada completa.
- As persoas socias ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar unha subvención a título individual na mesma convocatoria se xa a presentaron como parte da sociedade e posúen un 25% ou máis do capital social ou dos fondos propios da mesma, e viceversa; tampouco poderán presentarse sociedades distintas nas que exista coincidencia do 25% ou máis no capital social ou nos fondos propios.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Considérase que unha mesma persoa presenta varias solicitudes, cando se trate do mesmo NIF e cando as persoas socias ou accionistas dunha sociedade solicitan unha subvención a título individual na mesma convocatoria se xa a presentaron como parte da sociedade e posúen un 25% ou máis do capital social ou dos fondos propios da mesma, e viceversa; tampouco poderán presentarse sociedades distintas nas que exista coincidencia do 25% ou máis no capital social ou nos fondos propios.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1 Compromisos e obrigas específicos.

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PEL-Pemes Mantemento, ademais dos compromisos sinalados na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, deberán cumprir os seguintes compromisos e obrigas específicos:

- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo.
- Cumprir a lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- Satisfacer os deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo ordinario, independentemente do momento do pago da subvención.
- No caso de non pagar no mes seguinte o importe líquido total a percibir que figura na nómina, invalidarase a totalidade do gasto do soldo e salario correspondente a esa mensualidade.
- Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, desde a data de finalización do período subvencionado en PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025 e durante todo o período subvencionado 2026. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de persoas traballadoras da empresa na data de finalización do período subvencionado PEL-PEMES Mantemento 2026 sexa igual ao existente na finalización do período subvencionado da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025.

Para comprobar a obriga de mantemento do emprego terase en conta o/a traballador/a subvencionado/a e o mantemento dos traballadores/as indefinidos (Claves de contrato SS: 100, 109, 130, 139, 150, 189, 200, 209, 230, 239, 250, 289).

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa por baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/coidado

de fillos, baixa por coidado de familiares, baixa por despido colectivo, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxectivas empresa, baixa por despido por causas obxectivas traballador/a.

No suposto de que non se manteña o nivel de emprego polos motivos expostos anteriormente deberán achegar dos/as traballadores/as afectados/as a resolución sobre recoñecemento de baixa emitida pola Seguridade Social.

No caso de que a entidade beneficiaria non mantivera o nivel de emprego existente, tramitarase a perda de dereito ao cobro da axuda.

7.2 Difusión do apoio da Deputación

A difusión do carácter público do financiamento da contratación realizada levarase a cabo das seguintes formas:

No centro de traballo

Colocación dun cartel a cor cun tamaño mínimo de 210 x 297 mm en posición horizontal, en lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial co logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

Na páxina web

Debe figurar expresamente o logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emplego.dacoruna.gal/axudas>).

Esta obriga entenderase como mínimo desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Criterios de valoración

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumbran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un Check-List de valoración dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

A puntuación total das solicitudes obtense mediante a suma automática da puntuación dos criterios de valoración indicados a continuación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PEL-PEMES MANTEMENTO			
CRITERIOS DE VALORACIÓN		ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (30 puntos)
1	Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE)</i> (Máximo 10 puntos)	Menor ou igual a 2.000 habitantes	10
		De 2.001 a 4.000 habitantes	9
		De 4.001 a 5.000 habitantes	8
		De 5.001 a 10.000 habitantes	7
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
2	Actividade económica da persoa solicitante Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual da persoa solicitante <i>Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria.</i> (Máximo 3 puntos)	Solicitantes de sectores estratéxicos (só aqueles indicados no Anexo III destas bases), con exclusión dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro	3
		Solicitantes de sectores agrícolas, gandeiros, forestais e sector pesqueiro (indicados no anexo III destas bases)	1
3	Solicitantes de municipios de Transición Xusta <i>Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria.</i> (2 puntos)	Solicitantes con centro de traballo ou domicilio fiscal (só no caso de non dispor de centro de traballo) nun municipio con convenio de Transición Xusta (Anexo IV)	2
4	Tipo de solicitante <i>Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria.</i> (5 puntos)	Persoas autónomas	5
		Cooperativas	
		Sociedades laborais	

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PEL-PEMES MANTEMENTO		
CRITERIOS DE VALORACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA (30 puntos)
5	Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL PEMES MANTEMENTO 2025 (*) (4 puntos)	O/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL PEMES MANTEMENTO 2025 4
6	Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria anterior de PEL PEMES MANTEMENTO (**) (6 puntos)	O/a solicitante non foi beneficiario/a en ningunha convocatoria anterior de PEL-PEMES Mantemento 6

(*) Non obterá puntuación neste apartado 5 a entidade ou «única empresa» que teñan sido beneficiaria por Resolución de concesión na convocatoria PEL-Pemes Mantemento 2025.

(**) Non obterá puntuación neste apartado 6 a entidade ou «única empresa» que teñan sido beneficiaria por Resolución de concesión nalgunha convocatoria anterior de PEL-Pemes Mantemento.

8.2 Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva, e o tipo de concesión destas axudas será o de concesión definitiva, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.1 Xustificación da subvención

A persoa beneficiaria da subvención deberá achegar na plataforma SUBTeL, no apartado de xustificación da súa solicitude, a documentación do Anexo II. Documentación da xustificación para proceder ao pago da axuda unha vez que se acredite que se cumpriron os requisitos e se conseguiron os obxetivos previstos na concesión.

O/a beneficiario/a deberá dispor no seu poder da documentación acreditativa da contratación (nóminas, Informe de cálculos globais emitido pola Seguridade social e a correspondente acreditación do pago bancario), xa que lle poderá ser requirido en calquera momento.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de desviacións inferiores na duración da contratación e/ou tipo de xornada das indicadas na solicitude, que deberán detallarse na certificación de gastos, o importe a pagar será como máximo o correspondente á duración e tipo de xornada efectivamente realizado pola persoa traballadora segundo o seguinte:

Colectivo vulnerable = [Número meses de contrato x 916,66 € x C.T.P.]

Colectivo non vulnerable = [Número meses de contrato x 833,33 € x C.T.P.]

O C.T.P. % - identifica o coeficiente de parcialidade sobre a xornada habitual.

En ningún caso se pagará un importe superior ao importe concedido.

Non se validarán gastos de xornadas inferiores ao 50% da xornada completa ordinaria.

A entidade beneficiaria deberá pagar o importe líquido total a percibir que figura na nómina correspondente ás persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa beneficiaria (persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago. En caso contrario invalidarase a totalidade do gasto do soldo e salario correspondente a esa mensualidade.

O pago de parte dunha nómina en efectivo ou despois do prazo establecido invalidará a totalidade do gasto do soldo e salario correspondente a esa mensualidade.

Para os gastos que non excedan de 150€ abondará co recibín do preceptor inserido no propio documento de gasto.

9.2 Prazo de xustificación

Unha vez transcorrido o período subvencionable, o/a beneficiario/a disporá dun prazo de xustificación, que será ata o 28 de febreiro de 2027.

Base 10. Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto no capítulo VI da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I. Documentación da solicitude

Declaracións:

- Declaro que cumpro todos os requisitos esixidos ás persoas solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria, na Ordenanza xeral de subvencións transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiario/a da subvención comprométese a cumprir fielmente todos os compromisos e obrigas recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- Declaro que manteño o posto de traballo indefinido subvencionado con cargo a PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025 ou que transformei ese contrato a indefinido antes da presentación desta solicitude de subvención.
- Declaro que a actividade económica que realizo conta con todos os permisos, autorizacións, declaracións responsables e habilitacións profesionais, e que cumpren coa normativa reguladora para realizala.

Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- **Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)** actualizado.
- **Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT** actualizado.
- **Anexo axudas públicas baixo o Réxime de mínimos solicitadas e/ou recibidas nos 3 últimos anos** (Modelo dispoñible en SUBTEL)
- No caso de PERSOAS FÍSICAS: **Informe de Vida laboral** da persoa autónoma ou certificado da mutualidade correspondente onde conste a data de alta no RETA, ou alta na mutualidade.
- No caso de PERSOAS XURÍDICAS: Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como o documento de inscrición no rexistro mercantil ou rexistro público correspondente (no caso de estar obrigados). No caso de sociedades civís o documento de constitución das mesmas.

Só deben achegarse no caso de cambios respecto das achegadas na convocatoria PEL-Pemes Creación 2025.

- **Contrato de traballo inicial de tipo indefinido ou transformación do contrato a indefinido.**
- Documentación acreditativa no caso de contratación dun colectivo vulnerable: (Persoa inscrita como desempregada/Inscrito como desempregado de longa duración nos Servizos Públicos de Emprego / muller / menor de 30 anos / maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional):
 - No caso daquelas contratacións de desempregados/as de longa duración: **Certificado emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.**
 - No caso daquelas contratacións de maiores de 45 ou menores de 30 anos ou no caso de contratación dunha unha muller: **DNI** do/a traballador/a.
 - No caso de contratación de traballador/a con diversidade funcional: **Certificado de discapacidade** emitido pola administración competente vixente na data da publicación da convocatoria.
- **Autorización de representación** para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (só para persoas físicas) ou co representante legal da entidade (só para as persoas xurídicas). Modelo dispoñible en SUBTEL.

Para asinar a documentación e a presentación da solicitude no caso das persoas xurídicas considerárase como representante legal autorizado o que figure no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), ou a persoa autorizada no modelo “autorización de representación” dispoñible en SUBTEL.

A persoa ou entidade solicitante deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

ANEXO II. Documentación da xustificación

Declaracións:

- No caso en que os gastos xustificados adecuadamente non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: RENUNCIO á parte da achega provincial non xustificada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: ACEPTO a sanción que corresponde e consinto en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentarei alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- Declaro que dispoño no meu poder da documentación acreditativa dos pagos á persoa traballadora (nóminas, informe de cálculos globais emitidos pola Seguridade social e as correspondentes acreditacións dos pagos bancarios), xa que me poderá ser requirido en calquera momento.

Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Informe de vida laboral da entidade beneficiaria da subvención e **das consideradas** «única empresa» (no caso de que existan) correspondente ao período subvencionado.
- No caso de variacións da xornada laboral (CTP%) durante o período subvencionable, deberá achegarse o Informe de Datos para a Cotización persoa traballadora (IDC) de cada período con CTP% diferente.
- Memoria xustificativa segundo o modelo dispoñible en SUBTEL.
- **Certificación de gastos** realizados (Modelo descargable en SUBTEL) e que se xera automaticamente unha vez cuberta a relación clasificada dos gastos realizados.
- Relación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade (Modelo dispoñible en SUBTEL).
- No caso de percibir axudas públicas en réxime de minimis non indicadas previamente na solicitude (Anexo das Axudas públicas baixo o Réxime de minimis solicitadas e/ou recibidas nos 3 últimos anos) deberá achegarse certificación/declaración de axudas de minimis
- Acreditación gráfica da difusión do carácter público do financiamento realizada segundo o indicado na base **7.2**.

Documentación adicional no caso de que non se estea de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- **Modelo de designación de conta bancaria** para incluír no Rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña.
- **Certificado acreditativo da titularidade da conta** emitido (e asinado electrónicamente) pola entidade bancaria correspondente.

No suposto excepcional de extinción da relación laboral, deberase aportar a seguinte documentación específica acreditativa da extinción e nova alta:

- **Documento de baixa na Seguridade Social** do/a traballador/a **que causa baixa**.
- **Contrato de traballo da nova alta** formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.

No suposto excepcional de incapacidade temporal da persoa traballadora ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante, deberase aportar a seguinte documentación acreditativa:

- Informe de Datos para a Cotización do/a traballador/a (IDC) onde se indiquen as datas de incapacidade temporal da persoa traballadora ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante.
- Contrato de traballo específico da situación de duración determinada (incapacidade temporal do/a traballador/a ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante) da nova alta formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.

ANEXO III. Actividades económicas valorables

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración: Actividade económica do/a solicitante (aqueles/as solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
SECTORES AGRÍCOLAS, GANDEIROS, FORESTAIS E SECTOR PESQUEIRO	EMPRESARIAL	1	0	011 a 071
	EMPRESARIAL	1	9	911 e 912
	PROFESIONAL	2	0	012, 013, 021, 022, 024 e 099
	*Estarán tamén incluídos aqueles solicitantes nos que conforme ao artigo 78.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non teñen a consideración de actividades empresariais aos efectos do IAE e non quedan suxeitos o feito imponible de este imposto, pertencentes aos seguintes Código/Actividade: B01 Agrícola; B02 Gandeira; B03 Forestal; B04 Producción de mexillón en batea; B05 Pesqueira			
CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS E TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE	EMPRESARIAL	1	3	361 a 363 383.1 a 383.5 389.1 a 389.9
INDUSTRIA DA MADEIRA	EMPRESARIAL	1	4	461 a 468 473
OUTRAS PRODUCIÓNS DE ENERXÍA	EMPRESARIAL	1	1	151.4
CONSTRUCCIÓN NAVAL, REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES	EMPRESARIAL	1	3	371 e 372
	PROFESIONAL	2	2	212 e 228
INDUSTRIA AERONÁUTICA	EMPRESARIAL	1	3	382 391.2
	PROFESIONAL	2	2	211, 221 e 299
INDUSTRIAS DA PEDRA NATURAL	EMPRESARIAL	1	2	231.2 244.2 a 244.3 245
CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA	EMPRESARIAL	1	3	321 393 324.1 329.1
	PROFESIONAL	2	2	311 e 321
ARTES GRÁFICAS E EDICIÓN	EMPRESARIAL	1	4	431.1 a 455.9 474.1 a 476.9
	PROFESIONAL	2	3	322
INDUSTRIA AUDIOVISUAL	EMPRESARIAL	1	3 , 4, 9	393 (unicamente referido a material fotográfico e cinematográfico); 493; 961 a 963 973.1 (servizos fotográficos)
TRANSPORTE	EMPRESARIAL	1	7	722
INDUSTRIA DE PRODUTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	EMPRESARIAL	1	4	411 a 428
COMERCIO	EMPRESARIAL	1	6	611 a 645 (con exclusión do epígrafe 631) 647 a 665 (con exclusión do epígrafe 652.1)
TELECOMUNICACIÓNS E ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	EMPRESARIAL	1	8	843.1 a 843.9 (só servizos informáticos)
	PROFESIONAL	2	2	213, 222 e 225
			7	762 a 765
INDUSTRIA DOS COIDADOS	EMPRESARIAL	1	9	951 e 952
TURISMO	EMPRESARIAL	1	6	681 a 687 855.2 e 855.3
	PROFESIONAL	2	5 e 8	521; 882 e 883
INVESTIGACIÓN	EMPRESARIAL	1	9	936.1 a 936.9 991
INDUSTRIAS CREATIVAS	PROFESIONAL	2	7 e 8	751 861 e 862

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración: Actividade económica do/a solicitante (aqueles/as solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
INDUSTRIA TÉXTIL	EMPRESARIAL	1	4	431 a 455
ARTESANÍA E OUTRAS ACTIVIDADES VENCELLADAS (*)	EMPRESARIAL	1	2, 9	246.2, 246.5 e 246.6 247.2 e 247.4 253.6 255.1 a 255.3 316.2 e 316.4 399.1, 399.3, 399.8 e 399.9 491 e 492 494 e 495 971.2 e 971.3
	PROFESIONAL	2	8	861 e 862

(*) Só se entenderan como artesanais aquelas actividades que reúnan os requisitos previstos na normativa reguladora e que contén coa certificación acreditativa.

Esta táboa de actividades foi elaborada tomando como referencia as actividades económicas recollidas como sectores prioritarios na **Estratexia de especialización intelixente (RIS3)**, pero adaptando as actividades a aquelas máis importantes na provincia da Coruña.

As persoas solicitantes que teñan de alta epígrafes do IAE non comprendidos na táboa anterior e realicen actividades económicas da mesma natureza que as sinaladas nestes epígrafes, poderán acreditarlo documentalmente mediante as escrituras de constitución, no caso de persoas xurídicas, ou o certificado de vida laboral, no caso de persoas físicas, cando haxa coincidencia entre o obxecto social ou código CNAE que consten en ditos documentos.

ANEXO IV. Municipios con convenios de Transición Xusta (municipios a valorar segundo o criterio 3 da base 8)

MUNICIPIOS DE TRANSICIÓN XUSTA	
CONVENIO	MUNICIPIO
As Pontes	Cabanas
	A Capela
	Cerdido
	Mañón
	Moeche
	Monfero
	Ortigueira
	As Pontes
	San Sadurniño
	As Somozas
Meirama	Carral
	Cerceda
	A Laracha
	Ordes
	Tordoia

A Coruña, 7 de novembro de 2025

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

Secretario xeral

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ

2025/7398